



# CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

## CURSO

### As Sonatas para clarinete (viola) e piano de Johannes Brahms: un estudo das obras e das súas interpretacións

MARTES, 31 DE MAIO

## EMILIO LEDE

Prof. de análise e musicólogo



Johannes Brahms decidira deixar de compoñer en 1890 co seu Quinteto de corda op. 111, pero pouco despois escoitou tocar obras de Mozart e Weber a Richard Mühlfeld, clarinetista da Orquestra de Meiningen, e decidiu retomar a súa faceta creativa para escribir en 1891 o Trío op. 114 para clarinete, violonchelo e piano e, tamén no mesmo ano, o Quinteto op. 115 para clarinete e cuarteto de corda; máis tarde, en 1894, escribiría as dúas Sonatas op. 120 para clarinete e piano.

Este curso constará dunha pequena introdución ao estilo do compositor e á interpretación na época da creación das sonatas para logo centrarse no estudo das dúas obras. Analizaranse as partituras -con todo, un pálido reflexo gráfico das intencións do compositor- pero tamén un variado abano de interpretacións de referencia, tanto de clarinetistas como de violistas: desde as gravacións máis antigas, como a de Reginald Kell e Mieczyslaw Horszowski, ata as máis recentes, como a de Lorenzo Coppola e Andreas Staier. Son precisamente as interpretacións, cambiantes e complementarias, as que conforman e dan vida a calquera obra de música.

31 de maio  
Biblioteca  
10:00h - 14:00h  
16:00h - 20:00h

**Día completo: 20€ alumnado do centro e 25€ alumnado externo**  
**Mañá ou tarde: 10 € alumnado do centro e 12 € alumnado externo**

Data límite inscrición: 23 de maio

Inscricións na conta: ES04 2080 0042 5931 1000 0181

Concepto: Curso\_ELede\_Nome\_Apelidos

Importante enviar a seguinte información a  
[administracion@csmcoruna.com](mailto:administracion@csmcoruna.com)

Asunto do correo: Curso Emilio Lede- Nome e apelidos da persoa participante

Corpo do correo: Nome e apelidos da persoa participante, modalidade de participación, DNI e teléfono.

Documento adxunto: Xustificante de ingreso co concepto Curso\_ELede\_Nome\_Apelidos



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO  
SUPERIOR DE MÚSICA  
DA CORUÑA



C S M  
CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DA CORUÑA